

***RUTAS DOS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ***  
***ROTEIRO SOBRE ALGÚNS CRUCEIROS DO CONCELLO DE***  
***XERMADE***

**AUTORES: FERNANDO ARRIBAS ARIAS**

**JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO**

**MARIO SAAVEDRA PÉREZ**

***PUBLICADO EN “CADERNOS DE ESTUDOS CHAIREGOS”, N° 9.***  
***PUBLICACIÓN DO I.E.S.CH.A. (INSTITUTO DE ESTUDIOS CHAIREGOS),***  
***Vilalba (Lugo), 2018.***

# VIII ROTEIRO POLOS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ

(CONCELLO DE XERMADE)

Sábado 9 de decembro de 2017

**ORGANIZA:**


ASOCIACIÓN DE AMIGOS  
DOS CRUCEIROS, CRUCES  
DE PEDRA E PETOS DE ÁNIMAS

**PATROCINA:**

DEPUTACIÓN DE LUGO

**COLABORA:**

CONCELLO DE XERMADE



## ***I. ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DO CONCELLO DE XERMADE.***

Xermade é un municipio lucense cunha superficie de case 167km<sup>2</sup> (166,96), que está integrado na Comarca da Terra Chá <sup>1</sup>. Pertence ao partido xudicial de Mondoñedo. Este ámbito territorial está situado na parte noroccidental da Terra Chá, posuíndo unha das densidades máis baixas de Galicia <sup>2</sup>. Limita ao Norte, co municipio de Muras (Lugo); ao W, cos municipios de Monfero a As Pontes de García Rodríguez (A Coruña); ao Leste, co municipio de Vilalba (Lugo); e ao Sur, co de Guitiriz (Lugo). A nivel xeomorfolóxico este municipio está demarcado pola Serra da Carba ao Norte con alturas de 800 metros; e tamén, pola Serra da Loba ao W. con altitudes, que chegan ata os 700 metros. Destas serras proceden abundantes arroios, que verten as súas augas aos ríos Trimaz e Labrada, afluentes do río Ladra, que a súa vez as verte ao río Miño. Case todo o municipio ocupa con leves oscilacións unha altura de 450 metros, estando cuberto antano por importantes extensións de bosque na maior parte do seu territorio; non obstante nos últimos lustros esta extensión arborea foi diminuindo a favor das terras de labor e dos prados, básicos para manter ao gando bovino. Pola súa situación xeográfica, posue temperaturas suaves no verán e algo frías no inverno, sendo a súa media anual de 12º; ademais, as precipitacións oscilan entre os 1000 e 1200 mm. ao ano, sendo as xeadas moi frecuentes no inverno <sup>3</sup>. A nivel humano, a poboación foi crescendo ata mediados do século XX; a partir desa data e ata o intre actual a poboación foi decrecendo debido ao éxodo rural, que afectou dun xeito considerable a poboación adulta máis nova. Isto ía repercutir tanto na caída da natalidade como no avellentamento da poboación. Así, este municipio posuía unha poboación de 4.209 habitantes no ano 1970, mais no ano 1991 xa baixara a 3.134; no século actual os niveis demográficos seguiron diminuindo ata o punto que dende o ano 2004 ata o 2017, a poboación sufriu unha regresión de 580 habitantes. Na actualidade, segundo o I.G.E.,<sup>4</sup> este municipio ten

---

<sup>1</sup> É unha comarca galega situada na zona norte e interior da provincia de Lugo. A máis extensa de Galiza con 1822,75 km<sup>2</sup>. Segundo o I.G.E. do ano 2014 tiña 42.336 habitantes. A ela pertencen os concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba, e Xermade, sendo a súa capital Vilalba. O poeta Manuel María adicoulle á comarca o poemario *Terra Chá*, onde fala das súas terras e as súas xentes.

<sup>2</sup> VÁZQUEZ CERNADAS, M<sup>a</sup> DEL CARMEN.: “Xermade”, en *Galicia, pueblo a pueblo*, Xunta de Galicia, A Voz de Galicia, Vigo, 1993, páx. 1574.

<sup>3</sup> EQUIPO “IR INDO” (GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLADA, Ángel...). *Galicia en Comarcas: Terra Chá e Meira*. La Voz de Galicia. Ed. Ir Indo, t. 25, Vigo, 2005, páx. 155.

<sup>4</sup> Instituto Galego de Estadística.

unha poboación de 1884 habitantes, distribuída en dez parroquias: Burgás, Santa Baia; Cabreiros, Santa María; Candamil, San Miguel; Cazás, San Xián; Lousada, Santo André; Miraz, San Pedro; Momán, San Mamede; Piñeiro, San Martiño; Roupar, San Pedro Fiz; e Xermade, Santa María. A capital municipal é Xermade, que dista 50 km. de Lugo e 15 de Vilalba; a este núcleo poboacional accédese da seguinte maneira:

1º. Dende a A6. Saída en Parga ou Guitiriz en dirección a Buriz (Guitiriz) pola LU-170.

2º. Dende a A8. Saída de Vilalba pola LU-861.

3º. Dende a AG-64 polas saídas de Cabreiros e Lousada.

4º. Dende Viveiro pola estrada LU-540.

A nivel económico, o sector agropecuario é a principal rama de actividade para o emprego da poboación. Neste sector cómpre salientar a cabana bovina, como productora de leite e, dunha maneira secundaria, de carne. As actividades deste sector son complementadas por unha ampla gandería ovina; e ademais, polo aproveitamento forestal. Os restantes sectores económicos teñen unha escasa presenza no municipio e a poboación activa, que traballa neles desprázase ás vilas de As Pontes de García Rodríguez e Vilalba.

Dende unha óptica histórica e cultural, tanto o municipio de Xermade como outros da Chaira distínguense polas súas pegadas antigas, reflectida nos abundantes restos prehistóricos e castrexos. Así, encontramos algúns vestixios do paleolítico superior: dous en Pena Grande, de Férvedes (Lousada); e outro no monte de Candamil. Tamén, é relevante o conxunto de medoñas, –claro reflicte do megalitismo– que se encontran en Abelleira (Lousada). Así mesmo, son moi significativos os castros de Xemará e das Testas, en Burgas; a Aira das Mouras, en Cabreiros; o Castro da Igrexa, en Cazás; o de Castroramil, en Momán; o de Castrillán, en Roupar <sup>5</sup> etc. Ademais, hai restos da ocupación romana, debido a que se encontraron restos dun hipocausto na Graña, que nos indica a posibilidade de que houbo unha residencia dun patricio romano. Tamén, a aparición dunha lápida votiva da época romana coa inscrición “Laribus vialibus Placinida ex voto posuit” fai alusión a unha vía, que pasaba polo municipio <sup>6</sup>. No Antigo Réxime un bo número das comunidades parroquiais actuais pertencían á xurisdicción de Vilalba, sobre a que exercía dominio o conde de Lemos. Ademais, había a xurisdicción de Fraga e a de Lousada, nas que se incluían as parroquias de Roupar e

---

<sup>5</sup> Web / [www.xermade.org](http://www.xermade.org).

<sup>6</sup> VÁZQUEZ CERNADAS, M<sup>a</sup> DEL CARMEN.: “Xermade”, en *Galicia, pueblo a pueblo*, Xunta de Galicia, A Voz de Galicia, Vigo, 1993, páx. 1576

Lousada; tanto unhas como outras pertencían á provincia de Lugo. Unicamente Cabreiros formaba parte da xurisdicción de As Pontes de García Rodríguez, pertencente á provincia de Betanzos. Logo, cando se compoñen os primeiros concellos, xorde o de Lousada; non obstante, no ano 1835, as súas parroquias incorpóranse ao de Vilalba ata o ano 1841 no que se forma o concello de Xermade.

A nivel cultural, é mester salientar unha serie de construcións de carácter civil, como a “Casa da Torre de Roupar”, antiga morada do Conde de Amarante e na actualidade unha casa e vivenda rural. A Escola Habanera de Roupar, símbolo da inquedanza cultural que os emigrantes desta parroquia tiveron na segunda década do século XX; hoxe, convertíuse no centro sociocultural da parroquia de Roupar de Arriba. A ponte de Isabel II sobre o río Trimaz, en Cabreiros etc. Ademais, hai construcións de índole relixiosa como o retablo do século XVIII da igrexa parroquial de Cabreiros; o retablo da igrexa de Candamil; e a cruz procesional do século XVI de Burgás. Así mesmo, hai que resaltar os numerosos cruceiros deste municipio, mais especialmente os nove, que posúe a parroquia de Cazás.

Finalmente, o municipio inclúese na Reserva da Biosfera “Terras do Miño”, onde a auga é o protagonista dos ecosistemas. Polo tanto, cómpre sinalar ao Noroeste o río Eume, que comeza a formar o “Parque Natural das Fragas do Eume”. O complexo húmedo Parga – Ladra – Támoga; e o Lic “Serra do Xistral” ao Norte do municipio.

## II. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO CONCELLO DE XERMADE.

### LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO CONCELLO DE XERMADE



### **III. CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DO MUNICIPIO DE XERMADE.**

Neste concello localizamos **94** destas mostras de relixiosidade popular, entre cruceiros, cristos e cruces; elevado número se o comparamos coa relación recollida no Plan Xeral de Ordenación Urbana de Xermade publicada no número 120 do Boletín Oficial da Provincia o 4 de xuño de 2003, no que se inclúen só 46 entre cruceiros e petos de ánimas. Sen embargo, a pesar do minucioso traballo de campo, non descartamos a existencia dalgunha cruz máis no medio do monte ou á beira dun camiño abandonado e da que os veciños deste concello non nos poideron informar porque xa non quedan na súa lembranza..

Polo que respecta ós cruceiros, temos que precisar que moitos deles non presentan efixies, pero si base, fuste, capitel e cruz, elementos que para nós son suficientes para que poidamos falar de cruceiro. Obra realmente excepcional é o denominado “**Cristo enxoiro**”, pois presenta sobre a cruz un disco circular que a xeito de paraguas protexe as efixies das inclemencias metereolóxicas.

En relación ás cruces, atopamos un elevado número que se caracterizan pola grande variedade tipolóxica, tamaño e materiais. A máis antiga é a de **Orxás** (Lousada) do ano **1823**, data que figura na intersección dos seus brazos.

Menos frecuentes son os Cristos, dos que só localizamos dúas mostras. O máis antigo é o dos **Fornos (Lousada)**.

### **IV. DISTRIBUCIÓN DOS CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES POR PARROQUIAS.**

Neste concello atopamos cincuenta e oito cruceiros, dous cristos e trinta e catro cruces, distribuídos por parroquias do seguinte xeito:

1. Nove cruceiros e unha cruz en Burgás.
2. Oito cruceiros e tres cruces en Cabreiros.
3. Seis cruceiros e dúas cruces en Candamil.
4. Once cruceiros e sete cruces en Cazás.
5. Cinco cruceiros, un cristo e catro cruces en Lousada.
6. Un cruceiro en Miraz.
7. Catro cruceiros e cinco cruces en Momán.
8. Catro cruceiros e unha cruz en Piñeiro.


9. Seis cruceiros, un cristo e oito cruces en Roupar.

10. Catro cruceiros e tres cruces en Xermade.

| <b>CONCELLO DE XERMADE</b> |                  |                |               |
|----------------------------|------------------|----------------|---------------|
| <b>PARROQUIAS</b>          | <b>CRUCEIROS</b> | <b>CRISTOS</b> | <b>CRUCES</b> |
| BURGÁS                     | 9                |                | 1             |
| CABREIROS                  | 8                |                | 3             |
| CANDAMIL                   | 6                |                | 2             |
| CAZÁS                      | 11               |                | 7             |
| LOUSADA                    | 5                | 1              | 4             |
| MIRAZ                      | 1                |                |               |
| MOMÁN                      | 4                |                | 5             |
| PIÑEIRO                    | 4                |                | 1             |
| ROUPAR                     | 6                | 1              | 8             |
| XERMADE                    | 4                |                | 3             |


| <b>CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DESAPARECIDOS</b> |                  |                |               |
|--------------------------------------------------|------------------|----------------|---------------|
| <b>PARROQUIAS</b>                                | <b>CRUCEIROS</b> | <b>CRISTOS</b> | <b>CRUCES</b> |
| BURGÁS                                           |                  |                |               |
| CABREIROS                                        | 1                |                | 2             |
| CANDAMIL                                         | 1                |                |               |
| CAZÁS                                            | 1                |                |               |
| LOUSADA                                          | 1                |                |               |
| MIRAZ                                            |                  |                |               |
| MOMÁN                                            | 1                |                | 1             |
| PIÑEIRO                                          |                  |                | 1             |
| ROUPAR                                           |                  |                |               |
| XERMADE                                          |                  |                |               |

V. GRÁFICO DOS CRUCEIROS DE XERMADE.



**VI. MAPA DE LOCALIZACIÓN DOS CRUCEIROS, CRISTOS E CRUCES DE XERMADE.**

**CONCELLO DE XERMADE**



**SIMBOLOXÍA**

- ▽ CRISTOS
- + CRUCEIROS
- CRUCES

**LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS**

- |             |            |
|-------------|------------|
| 1 LOUSADA   | 6 XERMADE  |
| 2 ROUPAR    | 7 CANDAMIL |
| 3 PIÑEIRO   | 8 BURGÁS   |
| 4 CABREIROS | 9 MOMÁN    |
| 5 MIRAZ     | 10 CAZÁS   |

## **VII. ROTEIRO SOBRE OS CRUCEIROS DE XERMADE.**

Co obxecto de dar a coñecer os cruceiros chairegos, unha das manifestacións máis relevantes do patrimonio etnográfico da Terra Chá, e contribuir desta maneira á posta en valor destes monumentos tan singulares, a Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánima organizou un novo roteiro dos Cruceiros da Terra Chá.

Nesta ocasión o roteiro estivo dedicado a coñecer algunhas peculiaridades artísticas do municipio de Xermade. Este, ao igual que os anteriores <sup>7</sup> foi planificado polo etnógrafo **Mario Saavedra Pérez**, e guiado posteriormente polos integrantes do equipo de investigación “Carboeira”, formado polos etnógrafos: **Fernando Arribas Arias, José Manuel Blanco Prado e o susodito Mario Saavedra Pérez**.

Os asistentes – uns trinta aproximadamente – visitaron, acompañados dos devanditos guías, o concello de Xermade, caracterizado por un abundante número destas mostras da arte e a fe popular. Neste roteiro colaboraron a Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, e o Concello de Xermade. No percorrido, que foi levado a cabo nun autocar e tamén, a pé nalgúns tramos, os guías puideron dar a coñecer os seguintes Cruceiros e Cristos .

### **1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA E COORDENADAS U.T.M. DOS CRUCEIROS E CRISTOS VISITADOS.**

| <b>CRUCEIRO</b>    | <b>LUGAR</b>    | <b>PARROQUIA</b> | <b>CDS.U.T.M.</b>          |
|--------------------|-----------------|------------------|----------------------------|
| DE VILAR DA IGREXA | VILAR DA IGREXA | BURGÁS           | X=599.702<br>Y=4.799.591   |
| DO XASTRE          | CAMPO DO MEDIO  | BURGÁS           | X= 598.292<br>Y= 4.799.400 |
| DO ADRO DA IGREXA  | O CHAO          | CABREIROS        | X=598.614<br>Y=4.805.316   |
| DO REGO            | O REGO          | CABREIROS        | X=598.891<br>Y=4.805.286   |
| DA CASAVELLA       | A CASAVELLA     | CAZÁS            | X=596.897<br>Y=4.795.593   |
| DE AUGAS ROIBAS    | MEDE            | CAZÁS            | X=598.257                  |

---

<sup>7</sup> Xa se fixeron os roteiros de Cruceiros de Castro de Rei, A Pastoriza, Abadín, Vilalba e Muras.

|                               |                |         |                          |
|-------------------------------|----------------|---------|--------------------------|
|                               |                |         | Y=4.795.103              |
| DA XUNQUEIRA                  | A XUNQUEIRA    | PIÑEIRO | X=593.025<br>Y=4.805.405 |
| DAS BARREIRAS                 | AS BARREIRAS   | ROUPAR  | X=600.451<br>Y=4.808.660 |
| DO CAMPO                      | O CAMPO        | ROUPAR  | X=600.956<br>Y=4.808.242 |
| DO ADRO DA IGREXA             | ADRO DA IGREXA | XERMADE | X=596.313<br>Y=4.801.079 |
| DO CONCELLO OU CRISTO ENXOITO | PRAZA          | XERMADE | X=596.280<br>Y=4.801.119 |

## **2. SITUACIÓN DOS CRUCEIROS NO ÁMBITO PARROQUIAL E DESCRICIÓN DOS SEUS ELEMENTOS.**

### **2.1. CRUCEIRO DO XASTRE OU DE LONGO.**

Este cruceiro é de propiedade privada; pertence a Pablo, Jaime e Dolores Rodríguez, aínda que se encontra nun prado do que é propietario Anselmo Viveiro, da “Casa do Xastre”. Esta situado nun cruzamento de pistas de carácter local. Dende unha óptica artística está formado por unha serie de elementos claramente diferenciados e colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma formada por dous chanzos de granito.

Unha base monolítica, na que podemos distinguir tres tramos: o inferior, de estrutura paralelepípeda, está separado do tramo medio por unha escocia; este ao igual que o tramo superior teñen forma troncopiramidal, amosando este último os bordos superiores redondeados. A base presenta inscricións ilexibles, agás na cara W., onde pode lerse o seguinte:

***“LO PINTO / FERMIN POLO PU / RRIÑOS AÑO D / 1900”***

Un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto. Na cara Leste están esculpidos en relevo os instrumentos da paixón, que nunha orde descendente amosan a seguinte disposición: tres cravos, unhas tenaces, un martelo,

unha lanza e unha escaleira de dez banzos; baixo deles figura o ano de construción: **1877**. Por outra banda, as caras do extremo superior están ornamentadas cun rebaixe rectangular; neste aparece o relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior. Ademais, o fuste está policromado en tres cores: amarelo-ocre, no chafrán e nos rebaixes cuadrangulares das distintas caras; negro, nos instrumentos da paixón; e azul, no resto.



Un capitel de forma

truncopiramidal invertida cun astrágalo moldurado. Está ornado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras. Tanto as volutas como o astrágalo e as ás dos querubíns están policromadas en amarelo-ocre, mentres que o resto do capitel amosa un azul celeste.

Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular e coas arestas rebaixadas, que amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. Presenta unha policromía en azul celeste. O anverso da cruz mostra, baixo unha cartela, unha efíxie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz – mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas-; as súas mans aparecen abertas e o perizoma está anoadado ao lado dereito; as pernas, lixeiramente flexionadas, presentan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira, que mostra por baixo unha tibia. O pelo, a barba e o perizoma están pintados de negro. Pola contra, o reverso presenta unha

advocación mariana da Dolorosa, coroada e cun puñal de ferro, que traspasa o seu corazón; as súas mans permanecen cruzadas sobre o ventre e está vestida cunha túnica e manto, de policromía en cor negro.

Finalmente, segundo nos informou Antonio Vivero, de 69 anos e veciño desta parroquia, os enterros paraban ao carón deste cruceiro para rezar un responso. Así mesmo, hai anos había o costume de enterrar nas súas inmediación aos nenos, que morrían sen bautizar. Ademais, tal como se recolle na inscrición, este cruceiro comezouse a pintar no ano 1900 e, cada certo tempo, repítese a operación.

## **2.2. CRUCEIRO DO MEDIO OU DO VILAR DA IGREXA.**

Esta manifestación popular, de dominio privado, está colocada á beira dunha estrada rural. Pertence á familia dos Ramil, mais a finca, onde está colocado o cruceiro, lévaa en arrendamento Celso Graña de Penaparda.

No seu conxunto cómpre distinguir as seguintes partes nunha orde ascendente:

Unha plataforma dun chanzo de cemento, que serve de soporte a unha base monolítica, composta de dúas partes: a inferior, de forma paralelepípeda; e a superior, de forma troncopiramidal; foi restaurada con cemento. Sobre a base érguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. En cada unha das catro caras da parte inferior, agás a situada de cara ao Leste, hai un rebaixe rectangular, que amosa o relevo dun instrumento da paixón. A súa distribución é a seguinte:

***Cara W: Cara Sur: Cara Norte:***

***Unha escaleira de catro banzos. Un martelo. Unhas tenaces.***

Sobre o fuste apoiase un capitel tendente á forma cúbica cun astrágalo de bocel e unha nacela na súa parte inferior; na parte superior hai un ábaco notorio e un querubín, ornamentando cada unha das caras. Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular e oitavada, e florenzada nos seus extremos. O seu anverso, baixo unha cartela, presenta unha efíxie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as súas mans aparecen abertas ; o perizoma anóase no centro e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o seu pé dereito sobre o esquerdo. O seu reverso mostra unha imaxe mariana da Dolorosa por

riba dun querubín, que lle serve de peaña; esta vai vestida cunha túnica e cun manto, e amosa as súas mans cruzadas sobre o vente e o corazón en relevo sobre o peito traspasado por tres dagas. Diante deste cruceiro era costume, que parasen os enterros para rezar un responso. Finalmente, esta expresión popular e relixiosa garda similitude co cruceiro da Xunqueira, situado en Piñeiro.

### 2.3. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA.



Esta manifestación relixiosa, de dominio publico, está situada no adro da nova igrexa e preto da estrada comarcal (C-641).

A nivel artístico, consta dunha serie de elementos claramente diferenciados e dispostos nunha orde ascendente do seguinte xeito: unha plataforma de tres chanzos de granito, que serve de sostén a unha base monolítica, composta de tres tramos separados por molduras: o inferior, de forma paralelepípeda; o do

medio, troncopiramidal; e o superior, tamén paralelepípedo mais cos bordos superiores redondeados. Presenta unha inscrición nas catro caras:

**Cara Leste. ARZOBISPO D SAN / TIAGO CONCEDIO / 100 DIAS INDULGEN / CIA POR CADA ORACION /.**

**Cara Oeste. Y EL EXCMO SR OBIPO / D LUGO 40 DIAS POR / UN CREDO O SALBE / ADORAMOSTE STO / 22 D MARZO D 1871 /.**

**Cara Sur. POR DEVOCION / D ALGUNOS VECI / NOS D CASTRO /**

**Cara Norte. 30 D AGOSTO D 1870/.**

A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto; na cara W. están esculpidos en relevo os instrumentos da paixón na seguinte disposición descendente: unhas tenaces, un martelo, tres cravos, unha espada e unha escaleira de dez banzos.( cómpre salientar que, agás as tenaces, estes instrumentos están ladeados e case unidos entre si, caso único nos cruceiros chairegos); na parte inferior do fuste figura unha inscrición, que di: **AÑO DE / 1870** ; pola contra, as catro caras dos extremo superior están decoradas cun rebaixe rectangular no que esta inscrito o relevo dun rombo, que amosa un roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior. Sobre o fuste apoiase un capitel de forma troncopiramidal invertida, ornado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas súas caras. O cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular mais coas arestas oitavadas no resto, mostrando tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz amosa e, baixo unha cartela, unha efíxie de Cristo coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igotal que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma anóase á dereita; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira, situada por riba dunha tibia. O reverso presenta unha advocación mariana da Dolorosa cunha coroa; vai vestida cunha túnica e manto; cruza as mans sobre o ventre; e mostra un corazón, atravesado por un puñal de ferro.

Trátase do cruceiro máis antigo de Cabreiros (ano 1870). Segundo testemuñas, construíuse gracias ás contribucións de varios veciños. Ao principio encontrábase á beira da C-641; logo, situouse preto do cemiterio; e finalmente, no lugar, onde se encontra hoxe. Foi cambiado de lugar dúas veces

## 2.4. CRUCEIRO DO REGO.



Esta expresión artística, de dominio privado, está emprazada ao caron dun viario local.

A nivel artístico está formado por unha serie de partes claramente diferenciadas e colocadas nunha orde ascendente da seguinte maneira:

Unha plataforma dun chanzo de granito, que serve de soporte a unha base monolítica, composta de dous elementos, separados por unha escocia: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal cos bordos superiores redondeados; amosa unha inscrición en tres das súas caras.

***Cara NW. ES DEVOCION D D. / RAMON GATO PR / SUS OBLIGACIONE / S Y LAS DE SUS PADRES / Y ESPOSA Dª MANU / ELA PRIETO / A DE 1909 /***

***Cara SW. EL YLLMO SR OBIS / PO D MONDOÑEDO / CONCEDIÓ 50 DIAS / D YNDULGENCIAS PR REZAR / CUALQUIER ORACIÓN/***

***Cara SE. APROBADA POR LA / YGLESA DELANTE / ESTAS EFIGIES /***

Sobre a base érguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas achafranadas no resto; a súa cara Nw. está decorada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos; a parte superior desta mesma cara, mostra o relevo de San Ramón, portando unha custodia e baixo del a inscrición: **SAN RAMÓN**;

pola contra, nas outras caras hai un rebaixe rectangular cos dous rombos concéntricos e dous dous roeis, flanqueando os vértices superior e inferior. Sobre o fuste apoiase un capitel de forma troncopiramidal invertida, ornamentado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas súas caras. Remata o conxunto unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto, que amosa tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O seu anverso mostra, baixo unha cartela na que pode lerse **INRI**, unha efíxie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha V, mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma anóase á dereita; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira, situada por riba de dúas tibias en aspa. O reverso amosa unha advocación mariana da Piedade, vestida cunha túnica e manto, e sentada nun trono formado por dous discos ovalados; esta soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, ao que lle colle o brazo dereito coa súa man destra; ademais, a cabeza de Cristo está caída para atrás e o brazo esquerdo cae sobre a túnica, que cobre as pernas da súa Nai.

Na parte superior do capitel consérvanse uns ferros, nos que debían estar suxetas dúas imaxes desaparecidas. Este cruceiro foi restaurado no verán do 2002, restituíndose o capitel e a cruz.

## 2.5. CRUCEIRO DA CASAVELLA.



Esta manifestación popular, de carácter público, está emprazada nun cruzamento da estrada local de Cazás a Buriz cun camiño. Antano, pasaba ao seu carón unha ramificación do antigo camiño real de Vilalba a Betanzos, que ía do cruce do Covillón á Silvela. No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están dispostos do seguinte xeito: Unha plataforma de tres chanzos: o inferior e o mediano, de cachotería; e o superior de granito. Esta serve de apoio a unha

base monolítica, que consta de dous tramos, separados por unha moldura cóncava: o inferior, paralelepípedo; e o superior, troncopiramidal cos bordos superiores redondeados. Por riba da base o cruceiro alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto; no chafrán Sur están esculpidos en relevo os instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: un cravo, dous cravos, un martelo, unhas tenaces, e unha escaleira de oito banzos; ademais, as catro caras da parte superior, agás a cara Nw., mostran un rebaixe rectangular co relevo dun rombo cun roel no centro e dous flanqueando os vértices superior e inferior; pola contra, a cara Nw. presenta un círculo cun trevo de catro follas. O fuste actúa de sostén dun capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado con volutas nos vértices

superiores das arestas, querubíns nas caras e unha sucesión de merlóns na súa parte inferior. Como remate, unha cruz latina de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaxadas no resto, que amosa tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira . O seu anverso amosa, baixo unha cartela, unha efíxie de Cristo coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V, mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans están abertas; o perizoma está anoadado á dereita; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira.

É mester resaltar que este cruceiro ten os instrumentos da paixón nun dos chafráns do fuste, o que constitúe un caso excepcional.

## **2.6. CRUCEIRO DE AUGAS ROIBAS.**

Esta manifestación popular, de propiedade privada, pertence a “Casa de Augas Roibas”, e está situado nun cruzamento de viarios.

A nivel artístico, consta dunha serie de corpos, que nunha orde ascendente están dispostos da seguinte maneira: unha plataforma de tres chanzos de granito, que serve de soporte a unha base monolítica, que está composta de dúas partes, separadas por unha escocia: a inferior, paralelepípeda; e a superior, troncopiramidal cunha fina moldura, que resalta o bordo superior; as caras Norte, Sur e Leste mostran inscricións, hoxe ilexibles. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. A cara Leste. está decorada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: unha columna da flaxelación, un martelo, unhas tenaces, tres cravos, unha espada e unha escaleira de dez banzos. As caras do extremo superior, agás a Leste, presentan un rebaixe rectangular co relevo de dous rombos concéntricos, que mostran dous roeis, flanqueando os vértices superior e inferior; a cara Leste, pola contra, amosa unha custodia. O fuste serve de sostén a un capitel de forma troncopiramidal invertida e que está ornado cunhas volutas nos vértices superiores das arestas e cuns querubíns nas súas caras; no ábaco pode lerse: **S. ANDRÉS**. O cumio do cruceiro amosa unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas biseladas no resto; ademais, presenta un tipo de cruz

florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz mostra, baixo unha cartela, unha efixie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V, mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma anóase á dereita; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. Flanquen esta efixie dúas figuras en actitude orante: a da esquerda (dende a óptica do espectador) representa a San Andrés, mentres que a da dereita, vestida cunha túnica e manto, porta a palma do martirio. O reverso mostra unha imaxe mariana da Piedade, vestida cunha túnica e manto, e sentada sobre un trono, formado por dous discos ovalados; esta soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, ao que lle colle o brazo dereito coa súa man destra; así mesmo, a cabeza de Cristo está caída para atrás, e o brazo esquerdo cae sobre a túnica, que cobre as pernas da súa Nai.

## 2.7. CRUCEIRO DA XUNQUEIRA.

Esta manifestación relixiosa, de dominio público, está colocada á beira da estrada CP-22-8 e preto dunha encrucillada.

Dende unha óptica artística consta dunha serie de partes claramente diferenciadas e



dispostas nunha orde ascendente da seguinte maneira: unha plataforma dun chanzo de cachotería – con pegada de lousa- sobre a que se levanta un plinto monolítico cunha grande e acusada escocia na parte central, delimitada na parte inferior por un bocel e na superior por unha peza de forma troncopiramidal coas caras curvas. Tanto a plataforma como o plinto serven de sostén a unha base monolítica, composta de dous tramos: o inferior, paralelepípedo; e o segundo cunha moldura de talón ou cima reversa invertida; consérvanse restos de inscricións nalgunhas caras.

**Cara SE. ...CO...**

**Cara NW. O LO YZO ASU / BERMUDES Y SP / ...SO AÑO D 1822 /**

**Cara NE. ESTE CRUCE / ...ESTEN.../ .....**

Por riba da base erguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. As catro caras da parte inferior presentan un rebaixe rectangular cos relevos dos instrumentos da paixón, distribuídos do seguinte xeito:

**Cara NW:** Un martelo. **Cara SW:** Unhas tenaces.

**Cara NW:** Unha escaleira de tres banzos. **Cara SE:** Un látego?

Sobre o fuste apoiase un capitel de forma cúbica, delimitado por un acusado bocel na súa parte inferior e por un ábaco en nacela na superior; esta ornamentado con querubíns nas caras, que mostran as ás en forma de volutas, uníndose nas arestas. O cume do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas achaflanadas no resto; presenta no centro dos extremos dos brazos e da cabeceira un círculo en relevo. O anverso da cruz amosa, baixo unha cartela curvada, unha imaxe de Cristo coas seguintes peculiaridades: a cabeza está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoadado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. O reverso mostra unha imaxe da Virxe coroada, vestida cunha túnica e manto – que envolve na cintura-; tamén, amosa as súas mans sobre o peito en actitude orante.

Este cruceiro presenta no fuste restos de policromía en ocre. Ademais, presenta similitudes co Cruceiro do Medio ou do Vilar da Igrexa de Burgás.

## 2.8. CRUCEIRO DAS BARREIRAS



Esta expresión artística, de carácter privado, está situada nun cruzamento de viarios.

No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están colocados do seguinte xeito:

Unha plataforma de dous chanzos de cachotería, revestidos de cemento, que serve de apoio a unha base monolítica, de forma paralelepípeda. A base prolónganse nun fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular, que se usa como soporte dun capitel, composto de dúas

partes: a inferior, de forma troncopiramidal; e a superior, paralelepípeda; na súa cara Nw. hai unha placa de mármore coa seguinte inscrición:

***NIEVES ARES BOUZA / + EL 7-6-1948 / A LOS 22 AÑOS / RECUERDO DE / SUS PADRES /***

O cumio do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular .O anverso da cruz amosa unha efíxie de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V, mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, mostran o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. O reverso mostra dúas imaxes de santiñas, vestidas cunha túnica e manto, flanqueando a cruz; a da dereita –dende a perspectiva do espectador- sostén no seu brazo esquerdo ao Neno Xesús.

Antón María e Generosa de Nieves mandaron construír este cruceiro en recordo da súa filla Nieves Ares Bouza. É obra de Manuel Seoane, pertencente á familia Carboeira de Román.

## **2.9. CRUCEIRO DO CAMPO.**

Esta manifestación relixiosa, de propiedade pública, está situada na intersección dun camiño coa estrada CP-22-6 e preto da Capela de Fornos.

A nivel artístico está constituído nunha orde ascendente polos seguintes corpos:

Unha plataforma de catro chanzos: o inferior, de cemento; e os tres restantes, de cachotería, delimitando o seu espacio unhas cadeas de ferro suxetas a catro postes. Esta serve de sostén a unha base monolítica, composta de dous corpos, separados por unha escocia: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal cos bordos superiores redondeados; hai unha inscrición en tres das súas caras.

***CARA NE. EL YLLMO SR OBIS / PO D MONDOÑEDO / CONCEDIÓ 40 DI / AS D INDULGENCIA / POR REZAR CUALQUIE /***

***CARA NW. RA ORACION APR / ROBADA PR YG /LESIA DLANTE / ESTAS EFIGIES /***

***CARA SE. DEVOCION D D. / JOSE CASTELO Y / SU MUGER Dª.../ ...PERNAS. AÑO D 1902 /***



A base prolóngase nun fuste monolítico coas arestas oitavadas en toda a súa lonxitude; na cara Ne. están esculpidos en relevo os instrumentos da paixón na seguinte disposición descendente: un látego, tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos; a parte superior desta mesma carea está decorada cunha custodia, mentres que as outras presentan un rebaixe rectangular co relevo de dous rombos concéntricos cos dous roeis, flanqueando os vértices superior e

inferior. Sobre o fuste apoiase un capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas súas caras. Como remate, unha cruz latina, florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira, e de sección cuadrangular nos seus extremos mais coas arestas oitavadas no resto. O anverso mostra, baixo unha cartela, unha efíxie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V, mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. O reverso amosa unha advocación mariana da Piedade, vestida cunha túnica e manto, e sentada sobre un trono formado por dous discos ovalados, soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, ao que lle colle o brazo dereito coa súa man destra;

ademais, a cabeza de Cristo está caída para atrás, e o brazo esquerdo cae sobre a túnica, que cobre as pernas da súa Nai.

José Castelo, da “Casa de Castelo” de Penavaqueira, foi quen mandou construír este cruceiro. Antano, tanto neste como no das Barreiras paraban os enterros.

## 2.10. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREXA.



Esta mostra da devoción popular, de dominio público, está colocada no adro da igrexa parroquial.

Dende unha perspectiva artística consta dunha serie de elementos claramente diferenciados, que están dispostos nunha orde ascendente do seguinte xeito: unha plataforma de dous chanzos de granito, que actúa como apoio dunha base monolítica, composta de dous corpos: o primeiro, de forma paralelepípeda; e o segundo, troncopiramidal coroado por un listel; hai unha inscrición nas caras W. e Sur; mentres que a da

cara W. é ilexible, pola contra na da cara Sur lese o seguinte: **INDULGENCIAS / POR REZAR CUA / ALQUIERA ORA / CION ANTE ESTAS / EFIGIES. AÑO 1957/**. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular; a súa cara W. está ornada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos; as catro caras da parte superior amosan un rebaixe rectangular co relevo dun rombo. O fuste úsase como soporte dun capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado con volutas nos

vértices superiores das arestas e querubíns nas caras. O cumo do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos seus extremos mais coas arestas oitavadas no resto; tamén mostra unha cruz de tipo florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O seu anverso amosa, baixo unha cartela coa inscrición **INRI**, unha efixie de Cristo coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V, mais separados dela ao igual que a cabeza, espalda e pernas; as mans están abertas; o perizoma, policromado en branco, está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ámbos os dous sobre unha caveira. O reverso mostra a imaxe dun santo, que leva a vestimenta dun monxe e que amosa as súas mans en actitude orante.

## 2.11. CRUCEIRO DO CONCELLO OU CRISTO ENXOITO.

Esta manifestación popular, de carácter público, está situada nunha praza pública diante da “Casa do Concello”.

O seu conxunto amosa unha serie elementos artísticos, que nunha orde ascendente están colocados da seguinte maneira:

Unha plataforma dun chanzo de granito pulido sobre o que se ergue un pedestal, que amosa unhas amplas molduras cóncavas – a xeito de cuarto caveto invertido- nas súas caras, rematando nun corpo voadizo; na cara Leste lese a



seguinte inscrición: ESTE CRUZE / RO LO YZO FARNCO / DAPENA POR.../; o pedestal serve de sostén dunha base monolítica, formada por tres tramos paralelepípedos – o superior cos bordos redondeados- separados por dúas molduras cóncavas de media cana. Sobre a base érguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas oitavadas no resto. O fuste utilízase como soporte dun capitel de forma cúbica, ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas, querubíns nas caras e un astrágalo de bocel na parte inferior. O cumio desta manifestación relixiosa finaliza nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas oitavadas no resto; ademais mostra un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. Na súa cabeceira hai un disco pétreo circular, que serve para protexer as efixies das inclemencias meteorolóxicas, o que constitúe un caso único nos cruceiros chairegos. O seu anverso amosa, baixo unha cartela coa inscrición: **INRI**, unha imaxe cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os seus brazos estendidos ao longo da cruz; as mans aparecen parcialmente pechadas, deixando ver a cabeza dos cravos; o perizoma está anoado ao lado dereito; e as pernas, lixeiramente flexionadas, mostran o pé dereito sobre o esquerdo. O reverso amosa sobre a cabeza dun querubín unha imaxe mariana coroada, que vai vestida cunha túnica e manto e que mostra ao Neno no brazo esquerdo.

## **VIII. BIBLIOGRAFÍA.**

ARRIBAS ARIAS, F. e BLANCO PRADO, J. M. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei*, Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 76, Ediciós do Castro, 1998.

ARRIBAS ARIAS, F. e BLANCO PRADO, J. M. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz*, Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 81, Ediciós do Castro, 1999.

ARRIBAS ARIAS, F. e BLANCO PRADO, J. M. *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade*, Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 87, Ediciós do Castro, 2000.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. . *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces da Pastoriza*, Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 92, Ediciós do Castro, 2002.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces de Xermade*, Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 94, Ediciós do Castro, 2004.

ARRIBAS ARIAS, Fernando; BLANCO PRADO, José Manuel; SAAVEDRA PÉREZ, MARIO.: *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos, Cruces e Esmoleiros de Abadín*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 96, 2007.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. . *Cruceiros, cristos e cruces de Muras*. Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos, 2009.

ARRIBAS ARIAS, Fernando, BLANCO PRADO, J.M., e SAAVEDRA PÉREZ, Mario.: *Cruceiros do Concello de Vilalba*, Vilalba (Lugo): I.E.S.CH. 2011.

LAREDO VERDEJO, J. M. *Os nosos cruceiros*. A Coruña: Boreal-Xuntanza Editorial, 1993. Tomo II

RODRÍGUEZ CASTELAO, A. *As cruces de pedra na Galiza*. Madrid: Akal, 1975 (Ed. Facsímile).

**NOTAS SOBRE O TRABALLO.-** As fotos foron realizadas por **Fernando Arribas Arias**. O traballo foi corrixido polo profesor **Xosé M. Felpeto Enríquez**. Os mapas de localización foron feitos polo delineante **José Cancio Fernández**. E o traballo polos xa mencionados etnógrafos.

*IX. OUTRAS ILUSTRACIÓNS.*



*CRUCEIRO DE VILACHÁ. LOUSADA.*



*CRUCEIRO DE FERREIRÍAS (PIÑEIRO)*



***FOTO 10. CRUCEIRO DO ADRO DA IGREJA (MIRAZ)***



*CRUCEIRO DA PANDA (PIÑEIRO)*



*CRUCEIRO DO BARRO. BURGÁS*



*CRUCEIRO DE CASABELLA. CAZÁS.*



*CRUCEIRO DO REGO (CABREIROS)*



*CRUCEIRO DA PANDA (PIÑEIRO)*




*CRUCEIRO DA XUNQUEIRA (PIÑEIRO)*



*CRUCEIRO DA CRIBA. ROUPAR.*



*CRISTO ENXOITO (XERMADE). CAPITEL E CRUZ*



*CRUCEIRO DO CAMPO (ROUPAR)*